

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
Creatividade	O concello inventado é único e moi creativo, cunha descrición detallada dos seus aspectos e características. Demóstrase moita imaxinación.	O concello inventado é orixinal, pero algúns aspectos poden ser mellorados ou explorados con máis detalle. A idea é interesante.	O concello inventado é aceptable, pero carece de orixinalidade ou desenvolvemento en moitos aspectos. A idea é superficial.	O concello inventado é moi común ou pouco orixinal, con pouca ou ningunha exploración dos seus detalles e características.
Desenvolvemento e organización	O texto está perfectamente organizado, cunha introdución, desenvolvemento e conclusión ben definidos. As ideas están moi ben conectadas.	O texto está ben organizado, pero hai algún pequeno fallo na conexión de ideas ou na estrutura das partes do texto.	A organización do texto é algo confusa ou desordenada, o que dificulta a comprensión. Faltan algúns elementos de estruturación.	O texto está mal organizado e desordenado, facendo difícil a súa comprensión. Faltan partes importantes ou non hai unha estrutura clara.
Linguaxe	Emprégase en todo o texto unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	Emprégase na maior parte do texto unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	No texto hai partes que non teñen unha linguaxe clara e sinxela e non son fáciles de comprender.	A linguaxe empregada non facilita a comprensión dos contidos.

Estrutura	Cumpriu todas as instrucións do proxecto ao pé da letra. O tríptico está ben estruturado e respecta os requisitos indicados.	Cumpriu a maior parte das instrucións, pero deixou de lado algún detalle menor.	Cumpriu algúns dos requisitos, pero faltan partes importantes ou non respecta todas as instrucións.	Non cumpre coa maioría das instrucións e carece de elementos chave do proxecto.
Presentación	A presentación e os elementos gráficos son correctos (marxes, sangría, espazo entre liñas e párrafos, limpeza) e creativa.	A presentación e os elementos gráficos son correctos (marxes, sangría, espazo entre liñas e párrafos, limpeza)	A presentación e os elementos gráficos son correctos e atópanse menos de 2 erros.	A presentación e os elementos gráficos son correctos e atópanse menos de 4 erros.

